



LATA
de
SAL
Vintage

LATA de SAL

Lata de Sal é unha editorial de álbum ilustrado especializada en dúas coleccións únicas: *Vintage e Gatos*. Para lectores de cero a cento e pico anos.



Afortunadamente

de Remy Charlip

FORMATO 18,3 x 22,5 cm

PÁXINAS 44

ISBN 978-84-946292-2-8 (galego)

ISBN 978-84-946292-1-1 (castelán)

ISBN 978-84-946292-3-5 (catalán)

PVP 14,90 € (IVE 4% incluído)

INTERIORES Papel offset FSC de 150 g

ENCADERNADO Cartoné plastificado mate en papel 135 g sobre cartón de 2,5 mm

PAPEL Procedente de fontes responsables

TRADUCCIÓN Rafa Salgueiro y Susana Collazo


1ª PUBLICACIÓN 1964

UN DOS
AUTORES
MÁIS GRANDES.
POR FIN
TRADUCIDO!



Sinopsis

Afortunadamente este libro traduciuse por primeira vez ao español, porque este libro é unha auténtica marabilla. O protagonista é un neno chamado Ned e todo o que lle sucede é coma un baile, o baile da vida. Ás veces, a fortuna sorrille. Ás veces, non. Pero Ned segue adiante sempre, a pesar das dificultades, a pesar das páxinas en branco e negro que lle ofrece ás veces a vida. Porque a sorte e a fortuna son, finalmente, dos que as buscan.



Autor: Remy Charlip

Escritor, ilustrador, bailarín, coreógrafo, director de teatro, deseñador de vestuario, profesor... Se lle preguntaban que traballo realizaba, el definíase como un «espírito libre». Afortunadamente. Charlip comparou este libro cunha «buliciosa danza», co protagonista «voando, caendo no espazo, me gullándose, nadando, correndo, cavando... para alcanzar o seu destino malia todos os obstáculos». Afortunadamente. Charlip dixo: «Cando lle les a un neno, el non pode esperar para ver e escoitar o que segue. Iso sucede porque cada páxina abre unha porta a un mundo diferente». Afortunadamente. Premiado e recoñecido internacionalmente como un dos máis grandes, nunca fora traducido ao galego. Afortunadamente, xa si..

Por que quedas *enlatado* con este libro?

01.

Porque se traduce por primeira vez en galego

02.

Porque o seu autor comezou a súa carreira ilustrando libros de Margaret Wise Brown e Ruth Krauss

03.

Porque este libro creou tendencia e moitos autores contemporáneos seguiron as súas pegadas

04.

Porque Charlip é autor de máis de 38 libros ilustrados maravillosos

05.

Porque Lata de Sal vai rescatar 4 libros de Remy Charlip, afortunadamente

A **Colección Vintage** inclúe exclusivamente libros inesquecibles, escritos e ilustrados en calquera lugar do mundo hai máis de 30 anos. Premiados e de referencia nos seus países, nunca chegaron a España... ata agora. **Foron seleccionados entre miles.**



www.latadesal.com
info@latadesal.com



Libros para sempre